

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abrú novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo, adoitando diferentes roles dentro do mesmo.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas a través da aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través da experiencia podemos comprender o mundo en si da

música, os seus contidos, a importancia do traballo en equipo, da perseveranza, da autonomía e do compromiso cos demais, no que supón subirse a un escenario para estrear un proxecto. En conclusión, é a esa experiencia da música á que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe da música.	Esta unidade é transversal para todo o curso, xa que está implícita na maioría das unidades didácticas. Abrangue os contidos do coñecemento práctico da linguaxe da	10	10	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe da música.	música, da harmonía, da forma e da textura. Tamén o coñecemento dos produtores do son: voces e instrumentos. A partir da análise, lectura e interpretación de partituras, o alumnado aprenderá os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos, etc., que lle permitirán crear, interpretar, entender e coñecer dende unha perspectiva máis técnica as diferentes manifestacións musicais.	10	10	X	X	X
2	Interpretación e escena.	Nesta unidade, de carácter transversal para todo o curso, traballaránse as técnicas básicas de interpretación individual e grupal nos ámbitos instrumentais, vocais e corporais. Partindo do silencio, da escoita activa, das indicacións da dirección, e tendo como referencia o ensaio, iremos facendo ao longo do curso un repertorio de pezas que poderá ser interpretado en público en diferentes momentos segundo as circunstancias ou evolución do alumnado. As postas en escena serán produto do traballo colaborativo. A posibilidade da gravación e posterior edición destas actuacións servirá de peche do proceso creativo e contribuirá ao desenvolvemento persoal do alumnado.	25	25	X	X	X
3	Estilos musicais.	Nesta unidade achegarémonos á música popular urbana desde a súa orixe ata a actualidade por medio dun coñecemento práctico tanto dos principais estilos e das súas características definitorias, como dunha selección entre os diferentes grupos, compositoras e compositores, e intérpretes. Será o alumnado quen por medio de traballos guiados prepare, expoña e explique ao resto de compañeiras e compañeiros as diferentes músicas de orixe urbana que ao constituíron a banda sonora dos séculos XX e XXI.	20	20	X	X	X
4	Un mundo para escoitar.	A obsesión occidental por favorecer os aspectos visuais da cultura provocou o menosprezo doutras capacidades perceptivas como o oído. Nesta unidade analizaremos desde o punto e vista físico o son e o ruído, coñecendo o seu proceso de produción, produción e percepción, para logo valoralos como parte do noso patrimonio inmaterial. Reflexionaremos sobre as paisaxes sonoras e sobre realidades que nos tocan tan de preto como a contaminación acústica. Incidiremos na necesidade dunha ecoloxía acústica que nos faga vivir en harmonía co noso espazo acústico.	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Música e imaxe.	Música e imaxe foron da man desde a Antiga Grecia. Esta unión de música e drama continuará o seu desenvolvemento desde entón dando lugar ao nacemento de xéneros como a ópera e o musical. A acción escénica e coreográfica e a súa relación co mundo sonoro substánciase tamén en praxes máis próximas a nós no tempo como o cine, os videoxogos ou a televisión. Analizaremos o papel xogado pola música nestas unións de manifestacións culturais. En colaboración coa materia de Proxecto Competencial, na que compartimos o mesmo alumnado e que ademais impartimos, realizaremos propostas de realización de curtametraxes.	10	10	X	X	
6	A música nos medios e nas redes.	É difícil imaxinar a nosa vida sen os medios de comunicación e as redes sociais que enchen fogares e espazos públicos e conforman unha sociedade cambiante dominada pola cultura audiovisual. A música cobra unha importancia primordial neste medios, convertida tanto nun elemento integrante imprescindible como en obxecto de difusión. Nesta unidade non faremos unha análise exhaustiva do funcionamento e creación destes medios, senón do uso e presenza da música neles,	5	6		X	
7	Música e Tecnoloxía.	As novas tecnoloxías, presentes en todos os ámbitos sociais, atoparon un dos principais campos de desenvolvemento no terreo da música, converténdose en protagonistas indiscutibles das novas tendencias da música contemporánea e facilitando a súa creación e difusión. Desde a invención dos primeiros sistemas de gravación e reprodución do son, ata os modernos medios informáticos que permiten ter nun ordenador, un completo laboratorio de son, o mundo da música experimentou en pouco máis dun século os cambios máis acelerados e significativos. Na presente unidade faremos unha viaxe pola historia da reprodución e gravación do son, os instrumentos electrónicos e a música a eles asociada, o impacto da informática e da Internet na produción e difusión da arte musical, ademais de aprender a utilizar algún software básico a propósito da música.	5	7		X	
8	Músicas do mundo.	A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus	5	7		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Músicas do mundo.	costumes, da súa idiosincrasia. Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais de diferentes culturas. Tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza que nos une como pobos.	5	7		X	X
9	Soa Galicia!	Nesta unidade aprenderemos a diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música culta, popular e tradicional galega. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do noso acervo musical e dancístico.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A linguaxe da música.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar os trazos estilísticos básicos dos diferentes estilos e ser capaces de situalos nun contexto.	PE	60
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos da linguaxe musical que nos permitan analizar unha obra artística e o contexto cultural e histórico ao que pertence empregando fontes de información dixital.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Identificar as características culturais e sociais básicas do patrimonio musical galego.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identificar os principais trazos estilísticos das músicas galega e española.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Identificar as especificidades musicais das manifestacións musicais e escénicas desde o século XX.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Coñecer, respectar e valorar os axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra musical.	TI	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler rítmica e melódicamente as partituras traballadas no curso, aplicando con corrección as células rítmicas, compases, escalas, matices, etc., impartidos en cada unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
2	Interpretación e escena.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Ser quen de identificar os trazos estilísticos básicos do repertorio a interpretar.	TI	100
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Progresar na aplicación de técnicas musicais cada vez máis complexas nas que se empregue a voz e os instrumentos musicais.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Ser quen de improvisar en estruturas guiadas, ou elaborar acompañamentos sinxelos de pezas interpretadas en clase.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Conseguir ler de xeito axeitado partituras sinxelas motores da comprensión da construción da música.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Traballar de xeito adecuado nos ensaios e esforzarse na memorización do repertorio.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Contar ao final de curso cun repertorio de pezas variados susceptible de ser interpretado en público controlando o medo escénico.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Desenvolver propostas artístico-musicais a título individual.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Colaborar activamente na planificación de propostas artístico-musicais grupais traballando de xeito adecuado en equipo		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar pezas musicais relacionadas coa cultura galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
3	Estilos musicais.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Identificar os trazos estilísticos dos estilos musicais analizados en clase.	PE	85
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Ser quen de contextualizar espacial e temporalmente os estilos musicais expostos en clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Ter unha panorámica da historia da música en Galicia indentificando os principais estilos musicais que xurdiron na comunidade		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer as principais manifestacións musicais do século XX á actualidade.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar a evolución do gusto e dos referentes musicais ao longo da historia e desmitificar os estereotipos de xéneros asociados a este ámbito.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Respectar e valorar a todos os axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo da música e da danza.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución. - Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	Un mundo para escoitar.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Coñecer a problemática da polución sonora e o consumo indiscriminado de música, e as ferramentas e hábitos saudables para protexerse.	PE	90
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Ser consciente do uso indiscriminado da música e o consumo masivo de son, e empregar ferramentas para desenvolver hábitos saudables.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

UD	Título da UD	Duración
5	Música e imaxe.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Coñecer os trazos estilísticos principais das músicas ligadas a imaxe e ser capaz de analizar obras ou fragmentos nos que música, imaxe e escena entran en contacto.	PE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer as manifestacións musicais ligadas á escena e á imaxe, identificado as súas características e a interacción audiovisual.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Desenvolver propostas artístico-musicais colaborativas no ámbito de clase e de centro.	TI	55
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación de propostas artístico-musicais colaborativas, como a das curtametraxes que se desenvolven no Proxecto Competencial do curso, fomentando o traballo interdisciplinar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
6	A música nos medios e nas redes.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer o desenvolvemento das músicas nos medios de comunicación e redes sociais identificando as especificidades básicas deste encontro.	PE	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar a importancia da formación dun gusto musical non dirixido desde os medios e as redes, crítico cos estereotipo sexistas e respectuoso coa diferenza e coa historia.	TI	70
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Reflexionar sobre o consumo indiscriminado de música e a necesidade de practicar hábitos saudables de escoita.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Valorar e respectar o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
7	Música e Tecnoloxía.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Coñecer os principais axentes tecnolóxicos que interveñen na creación, interpretación, produción e difusión da música desde finais do século XIX ata a actualidade.	PE	80
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer os principais estilos musicais desde o século XX á actualidade, nos que a tecnoloxía xoga un papel fundamental.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Uso de ferramentas dixitais para deseñar propostas artístico-musicais, individuais ou colectivas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
8	Músicas do mundo.	7

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Identificar os trazos estilísticos básicos das músicas do mundo expostas en clase.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Ser quen de situar no seu contexto cultural distintas músicas analizadas en clase a través das súas características estilísticas.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identificar os principais trazos estilísticos da música galega na súa vertente máis étnica.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar e respectar as distintas músicas do mundo como manifestacións da diversidade cultural, visibilizando os estereotipos e roles de xénero que ás veces levan asociadas.	TI	40
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Respectar e valorar os axentes que interveñen na creación e interpretación das músicas do mundo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
9	Soa Galicia!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Identificar os trazos estilísticos básicos das diferentes manifestacións musicais galegas.	PE	55
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Encadrar no contexto cultural e histórico as distintas musicais de Galicia, a través da audición e análise das súas características musicais.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Identificar as características culturais, sociais e estilísticas que definen o patrimonio musical galego.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer unha historia básica da música en Galicia	TI	45
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Ampliar o gusto musical en relación á música galega, partindo da súa escoita e coñecemento.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Valorar e respectar os axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo da música galega.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Participar en interpretacións de arranxos musicais de música galega empregando as técnicas básicas de interpretación amosadas en clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.

Contidos

- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo dos referentes da pedagogía musical (Orff, Kodaly, Willems, Dalcroze, Wuytack, Dalcroze...) o uso da voz, dos instrumentos, e do movemento corporal, sempre foron o referente constante na metodoloxía deste Departamento. Así mesmo a participación activa na actividade musical é o noso procedemento fundamental de ensino. Un ensino de nocións puramente teóricas desconectadas desta realidade, tende a apartar a arte da súa verdadeira misión. Calquera resultado, por brillante que sexa aparentemente, fracasará se se descoida o afeccionar ao alumnado á música de maneira auténtica.

Partindo desta realidade, a audición activa e analítica constitúe un segundo paso no achegamento á música para por último comprender e verbalizar conceptos teóricos e abstractos sobre a arte musical. Non desbotamos con isto as clases teóricas, o estudo da linguaxe e a notación musical, os contextos nos que xorden as nosas músicas, pero estes só poden ser apreñidos logo de ser practicados e escoitados.

En todo caso partiremos do nivel de desenvolvemento do noso alumnado para construír aprendizaxes que estimulen o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas. Facilitaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o educando poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido facendo que o proceso de aprendizaxe sexa cada vez máis autónomo. Favorecerase o traballo colaborativo e grupal facendo que o feito musical sexa relevante para a comunidade educativa e para o contorno social.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase unha aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compondor etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no

conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introdutorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos Dotación de Aula
EDIXGAL
Aula Virtual
Programa de Edición de Partituras
Programa de Edición de Audio
Bibliografía básica dos temas tratados nas unidades

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc, todo nunha aula insonorizada con ordenador, proxector e equipo de música, e teclado Clavinova.

Edixgal e Aula virtual: todos os recusos e actividades postos a disposición nestes entornos.

Programas de edición de partituras e audio.

Bibliografía básica dos temas tratados, a consulta no Departamento ou particular.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto pescudar nos coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

É de resaltar que o profesor que acolle ao alumnado é o mesmo que impartiu a materia o curso pasado (3º ESO), polo cal é coñecedor das súas dificultades, sobredotación en caso de existir, puntos débiles do ano pasado... Tendo en conta isto realizaremos actividades para comprobar as destrezas adquiridas en anteriores cursos (2º e 3º ESO).

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a fruta doce.

3. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado. Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	25	20	10	10	5	5	5	10	100
Proba escrita	60	0	85	90	45	30	80	60	55	50
Táboa de indicadores	40	100	15	10	55	70	20	40	45	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. CONTIDOS TEÓRICOS.

a) Audicións. Puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos relacionados co comentario de audicións, identificación e análise dos compoñentes básicos das obras musicais empregando a linguaxe apropiada, análise de partituras... sendo logo un 20% da nota final.

b) Contextos musicais. Puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos relacionados cos estilos e as épocas ás que pertencen as distintas pezas musicais. Os contextos históricos, sociais... serán obxecto de exame sendo logo un 20% da nota final.

Os exames escritos contarán con algunhas preguntas curtas e outras de redacción mínima, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un mínimo de dous exames trimestrais de audicións e dous de teoría relacionada cos contextos musicais, valendo cada un deles un 10% ata sumar entre os catro o 50% da nota.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co Departamento de Orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. CONTIDOS PRÁCTICOS

a) Interpretación musical. Puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica e declamación de textos. Esta parte práctica constituirá un 20% da nota final e avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas. En relación á interpretación instrumental e vocal hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

b) Traballos e propostas. Puntuarase de 0 a 10 a confección e elaboración de traballos individuais, así como a planificación, colaboración e participación en actividades escénico-musicais e e propostas artístico-musicais dirixidas a realización de produtos culturais interdisciplinares. Farase un mínimo de dous traballos individuais por trimestre e a participación nunha proposta artístico-musical, aínda que a mesma abranga máis dun trimestre. Esta parte práctica constituirá un 20% da nota final e avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

3. TRABALLO DIARIO.

Puntuarase de 0 a 10 a participación e traballo en clase, a actitude e esforzo, a entrega de traballos na aula e na casa, constituíndo un 20% da nota final. Estes aspectos avaliaranse mediante a observación sistémica con táboa de indicadores ou rúbricas.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 33,3%

- 2º Trimestre: 33,3%

- 3º Trimestre: 33,4%

Cando a nota de cada avaliación ou final teña decimais, redondearase segundo establece o procedemento matemático.

Criterios de recuperación:

O alumnado que a principios de xuño teña unha cualificación inferior a 5 na media dos tres trimestres, poderá realizar actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos non superados. As actividades corresponderán a contidos non superados e poderán ser de dous tipos: 1. Actividades novas deseñadas para tal fin se o alumnado realizou as previas ata ese momento e non as superou. O seu deseño responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada. 2. Actividades realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas. Moitos contidos abordados na materia son progresivos e a súa superación ao final de curso implica a súa consecución. É por isto que non se establece un mecanismo de recuperación por avaliación, e só rematando o curso.

- Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará o alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e da avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para isto, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo á semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

Os grupos de 4º ESO, están composto por 15 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e os 17 anos. Dentro deste alumnado hai un caso onde aplicar o protocolo TEA (Fenotipo condutual Asperger + Síndrome de Gilles de Tourette). Contamos tamén cunha alumna que repite o curso pero que o ano pasado superou con boa nota a materia. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Creatividade	X
ET.3 - Autonomía	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos. Non esquecemos aquí a importancia da lectura de linguaxe musical, centrada especialmente nas unidades 1 e 2.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... pero tamén en proxectos audiovisuais que tenten vincular música e escena. As unidades principais de aplicación serán a 2 e a 5.
- Autonomía: traballarase actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal. É un elemento transversal que, coma outros, afectará a todas as unidades.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais. O traballo en equipo estará presente en todas as unidades.
- Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. Farase unha especial fincapé nas unidades 3, 8 e 9.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable. Principalmente serán as unidades 3, 4, 5, 6, e 7, as destinatarias deste elemento transversal.
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. Será un elemento transversal sempre presente en todas as unidades.
- Expresión oral e escrita: a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. A aposta do Departamento polo programa EDIXGAL fará que uso desta competencia sexa xeneralizada para todas as unidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	O alumnado poderá executar as pezas traballadas en clase en actos do centro nos que sexa protagonista, ou complemento de celebracións.		X	
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.			X
Paseo sonoro	Está previsto que no primeiro trimestre o alumnado realice un Paseo sonoro por Chapela. Un percorrido pola parroquia paralelo ao exercicio auditivo co fin de establecer unha relación consciente coa contorna para captar as variacións e riqueza acústica que esta posúe.	X		

Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a partir da interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou Acadado / Regular ou Mellorable / Mal ou Non Acadado
Metodoloxía empregada
Ben ou Acadado / Regular ou Mellorable / Mal ou Non Acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou Acadado / Regular ou Mellorable / Mal ou Non Acadado
Medidas de atención á diversidade
Ben ou Acadado / Regular ou Mellorable / Mal ou Non Acadado
Clima de traballo na aula
Ben ou Acadado / Regular ou Mellorable / Mal ou Non Acadado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ben ou Acadado / Regular ou Mellorable / Mal ou Non Acadado

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano co fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polo docente sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación do alumnado, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles axeitados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tendo en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "Avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha o cuestionario con preguntas a cubrir polo alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

9. Outros apartados